

FUNDACIÓN CIUDAD CULTURAL DE GALICIA

Cuentas Anuales a

31/12/2025

**Incluye Informe de Auditoría
de Cuentas Anuales**

INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES ABREVIADAS
EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE

Al Patronato de la FUNDACIÓN CIUDAD CULTURAL DE GALICIA

Opinión

Hemos auditado las cuentas anuales abreviadas de la FUNDACIÓN CIUDAD CULTURAL DE GALICIA (la Entidad) que comprenden el balance abreviado a 31 de diciembre de 2025, la cuenta de resultados abreviada y la memoria abreviada correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

En nuestra opinión, las cuentas anuales abreviadas adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la Entidad a 31 de diciembre de 2025, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se identifica en la nota 2 de la memoria) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Fundamento de la opinión

Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de auditoría de cuentas vigente en España. Nuestras responsabilidades de acuerdo con dichas normas se describen más adelante en la sección *Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales abreviadas* de nuestro informe.

Somos independientes de la Entidad de conformidad con los requerimientos de ética, incluidos los de independencia, que son aplicables a nuestra auditoría de las cuentas anuales abreviadas en España según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas. En este sentido, no hemos prestado servicios distintos a los de la auditoría de cuentas ni han concurrido situaciones o circunstancias que, de acuerdo con lo establecido en la citada normativa reguladora, hayan afectado a la necesaria independencia de modo que se haya visto comprometida.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión.

Aspectos más relevantes de la auditoría

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según nuestro juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en nuestra auditoría de las cuentas anuales abreviadas del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de nuestra auditoría de las cuentas anuales abreviadas en su conjunto, y en la formación de nuestra opinión sobre éstos, y no expresamos una opinión por separado sobre esos riesgos.

Registro de las subvenciones corrientes y de capital traspasadas al resultado del ejercicio

Descripción:

Según se indica en la nota 16 de la Memoria adjunta, las subvenciones corrientes y de capital traspasadas al excedente del ejercicio suponen una parte significativa de los ingresos de la Fundación. Aunque el registro de dichos ingresos no resulte complejo, la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas entiende que existe un posible riesgo en cuanto a la ocurrencia de los mismos. Este hecho motiva que consideremos el adecuado registro de dichas subvenciones como un aspecto relevante en nuestra auditoría.

Respuesta del auditor:

Una vez obtenido un adecuado entendimiento del proceso de reconocimiento de ingresos por subvenciones, nuestros procedimientos de auditoría han incluido, entre otros, la verificación de la contabilización de las mismas de acuerdo con la norma de registro y valoración aplicable. Al mismo tiempo, para las subvenciones vinculadas a elementos del inmovilizado comprobamos su reconocimiento en la cuenta de resultados abreviada como ingresos de forma correlacionada con el gasto de amortización de dichos bienes. Adicionalmente, para las nuevas subvenciones otorgadas en el ejercicio 2025 realizamos procedimientos sustantivos mediante la confirmación con el correspondiente organismo que nos han permitido contrastar el importe concedido y los saldos pendientes de cobro a 31 de diciembre de 2025. Por último, analizamos y concluimos sobre la idoneidad de los desgloses de información facilitados en la Memoria adjunta.

Valoración y registro de las adiciones de inmovilizado material

Descripción:

Según se indica en las notas 4.2 y 5 de la Memoria adjunta, el inmovilizado material de la Fundación comprende la totalidad del conjunto urbanístico de la “Cidade da Cultura de Galicia” y se valora por el precio de adquisición minorado por las correspondientes amortizaciones acumuladas y pérdidas por deterioro reconocidas. El valor neto contable a 31 de diciembre del 2025 del conjunto asciende a 210 millones de euros y representa el 90% del activo total de la Fundación. La determinación del precio de adquisición, la clasificación de los diferentes elementos de inmovilizado, la asignación de los coeficientes de amortización y los análisis del deterioro, requieren de la realización de juicios y estimaciones por parte de la Gerencia de la Fundación. Por dichos motivos, y considerando la relevancia de los importes, identificamos esta cuestión como uno de los aspectos relevantes en nuestra auditoría.

Respuesta del auditor:

Una vez obtenido el entendimiento del proceso de registro y valoración del inmovilizado material, nuestros procedimientos de auditoría han incluido el análisis de la determinación del precio de adquisición en relación con las altas de inmovilizado del ejercicio, revisando, en bases selectivas, la documentación soporte existente respecto a los elementos adquiridos, así como su naturaleza, valoración y gastos adicionales activados. Al mismo tiempo, hemos verificado la razonabilidad de la amortización anual de los diferentes elementos del inmovilizado sobre la base de los coeficientes estimados por la Fundación. Por último, analizamos y concluimos sobre la idoneidad de los desgloses de información facilitados en la Memoria adjunta.

Responsabilidad de la Gerencia de la Fundación Ciudad Cultural de Galicia en relación con las cuentas anuales abreviadas

La Gerencia de la Fundación Ciudad Cultural de Galicia es responsable de formular las cuentas anuales abreviadas adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de la Entidad, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales abreviadas libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la preparación de las cuentas anuales abreviadas, los Administradores son responsables de la valoración de la capacidad de la Entidad para continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si los Administradores tienen intención de liquidar la Entidad o de cesar sus operaciones, o bien no exista otra alternativa realista.

Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales abreviadas

Nuestros objetivos son obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales abreviadas en su conjunto están libres de incorrección material, debida a fraude o error, y emitir un informe de auditoría que contiene nuestra opinión.

Seguridad razonable es un alto grado de seguridad pero no garantiza que una auditoría realizada de conformidad con la normativa reguladora de auditoría vigente en España siempre detecte una incorrección material cuando existe. Las incorrecciones pueden deberse a fraude o error y se consideran materiales si, individualmente o de forma agregada, puede preverse razonablemente que influyan en las decisiones económicas que los usuarios toman basándose en las cuentas anuales abreviadas.

Como parte de una auditoría de conformidad con la normativa reguladora de auditoría de cuentas en España, aplicamos nuestro juicio profesional y mantenemos una actitud de escepticismo profesional durante toda la auditoría. También:

- Identificamos y valoramos los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales abreviadas, debida a fraude o error, diseñamos y aplicamos procedimientos de auditoría para responder a dichos riesgos y obtenemos evidencia de auditoría suficiente y adecuada para proporcionar una base para nuestra opinión. El riesgo de no detectar una incorrección material debida a fraude es más elevado que en el caso de una incorrección material debida a error, ya que el fraude puede implicar colusión, falsificación, omisiones deliberadas, manifestaciones intencionadamente erróneas, o la elusión del control interno.
- Obtenemos conocimiento del control interno relevante para la auditoría con el fin de diseñar procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad.
- Evaluamos si las políticas contables aplicadas son adecuadas y la razonabilidad de las estimaciones contables y la correspondiente información revelada por los administradores.

- Concluimos sobre si es adecuada la utilización, por los administradores, del principio contable de empresa en funcionamiento y, basándonos en la evidencia de auditoría obtenida, concluimos sobre si existe o no una incertidumbre material relacionada con hechos o con condiciones que pueden generar dudas significativas sobre la capacidad de la Entidad para continuar como empresa en funcionamiento. Si concluimos que existe una incertidumbre material, se requiere que llamemos la atención en nuestro informe de auditoría sobre la correspondiente información revelada en las cuentas anuales abreviadas o, si dichas revelaciones no son adecuadas, que expresemos una opinión modificada. Nuestras conclusiones se basan en la evidencia de auditoría obtenida hasta la fecha de nuestro informe de auditoría. Sin embargo, los hechos o condiciones futuros pueden ser la causa de que la Entidad deje de ser una empresa en funcionamiento.
- Evaluamos la presentación global, la estructura y el contenido de las cuentas anuales abreviadas, incluida la información revelada, y si las cuentas anuales abreviadas representan las transacciones y hechos subyacentes de un modo que logran expresar la imagen fiel.

Nos comunicamos con el Patronato de la Entidad en relación con, entre otras cuestiones, el alcance y el momento de realización de la auditoría planificada y los hallazgos significativos de la auditoría, así como cualquier deficiencia significativa del control interno que identificamos en el transcurso de la auditoría. Entre los riesgos significativos que han sido objeto de comunicación al Patronato de la Entidad, determinamos los que han sido de la mayor significatividad en la auditoría de las cuentas anuales abreviadas del periodo actual y que son, en consecuencia, los riesgos considerados más significativos.

Describimos esos riesgos en nuestro informe de auditoría salvo que las disposiciones legales o reglamentarias prohíban revelar públicamente la cuestión.

Murcia, 16 de junio de 2026

SEIQUER AUDITORES Y
CONSULTORES, S.L.P.
(inscrita en el R.O.A.C. con el nº S1422)

CELDRAN
BOLARIN
SILVIA -
34818930N

Firmado digitalmente
por CELDRAN BOLARIN
SILVIA - 34818930N
Fecha: 2026.06.16
10:18:54 +02'00'

Silvia Celdrán Bolarín
Socia-Directora

CONTAS ANUAIS

EXERCICIO 2025



Fundación Cidade da Cultura de Galicia



FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

BALANCE AO 31 DE DECEMBRO DE 2025 E 2024

ACTIVO	NOTAS	31/12/2025	31/12/2024
A) ACTIVO NON CORRENTE		211.729.110	215.159.476
I. Inmobiizado intanxible.	7	17.831	34.131
3. Patentes, marcas, licencias y similares		9.470	15.806
5. Aplicacións informáticas		8.361	18.325
II. Bens do Patrimonio Histórico	6	955.621	955.621
III. Inmobilizado material.	5	210.755.642	214.169.708
1. Terreos e construcións		197.712.025	201.915.229
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		7.882.388	8.854.055
3. Inmobilizado en curso e anticipos		5.161.229	3.400.424
VI. Inversións financeiras a longo prazo.	9	16	16
5. Outros activos financeiros		16	16
B) ACTIVO CORRENTE		20.136.939	21.143.365
II. Existencias	11	138.353	147.516
III. Usuarios e outros debedores da actividade propia		(2.690)	(2.669)
IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.		16.505.558	16.879.181
3. Debedores varios		94.518	110.545
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	12	16.411.040	16.768.636
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.		3.495.718	4.119.337
1. Tesourería		3.495.718	4.119.337
TOTAL ACTIVO (A+B)		231.866.049	236.302.841

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS	31/12/2025	31/12/2024
A) PATRIMONIO NETO		225.903.921	231.037.775
A-1) Fondos propios	10	37.506.966	39.075.545
I. Dotación fundacional		61.170.484	61.170.484
1. Dotación fundacional.		61.170.484	61.170.484
II. Reservas		(822)	(822)
2. Outras reservas		(822)	(822)
III. Excedentes de exercizos anteriores		(22.094.117)	(20.807.665)
2. (Excedentes negativos de exercizos anteriores)		(22.094.117)	(20.807.665)
IV. Excedente do exercizo	3	(1.568.579)	(1.286.452)
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	15	188.396.955	191.962.230
I. Subvencións		177.833.221	180.395.934
II. Doazóns		10.563.734	11.566.296
B) PASIVO NON CORRENTE		2.270.272	2.302.704
V. Periodificacións a longo prazo	9	2.270.272	2.302.704
C) PASIVO CORRENTE		3.691.856	2.962.362
II. Débedas a curto prazo.	9	1.058.415	969.299
5. Outros pasivos financeiros.		1.058.415	969.299
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		2.601.009	1.960.631
1. Provedores		15.501	9.871
3. Acredores varios		2.182.198	1.695.612
6. Outras débedas con administracións públicas	12	403.310	255.148
VI. Periodificacións a curto prazo	9	32.432	32.432
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)		231.866.049	236.302.841

As notas 1 a 22 da Memoria axunta forman parte do balance a 31 de decembro de 2025



FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

CONTAS DE RESULTADOS ABREVIADAS CORRESPONDENTES ÓS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2025 E 2024

	Nota	2025	2024
A) EXCEDENTE DO EXERCIZO			
1. Ingresos da actividade propia.		10.384.188	10.609.929
b) Aportacións de usuarios		121.386	44.156
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores	13	39.000	46.000
d) Subvencións, doazóns e legados imputados o excedente do exercizo	15	10.223.802	10.519.773
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil		43.660	114.480
3. Gastos por axudas e outros		(48.000)	(32.000)
4. Variación de existencias de produtos terminados		(11.321)	5.394
6. Aprovisionamentos	13	(52.062)	(159.270)
7. Outros ingresos da actividade	8	767.045	658.660
8. Gastos de persoal	13	(1.415.563)	(1.286.815)
9. Outros gastos da actividade	13	(10.436.482)	(10.467.026)
10. Amortización do inmovilizado	5 y 7	(6.519.151)	(6.551.323)
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó excedente do exercizo	16	5.658.510	5.678.127
12. Exceso de provisións	14	-	28.795
13. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado	5 y 7	(4.724)	-
14. Outros resultados	13	1.106	881
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+6+7+8+9+10+12+13+14)		(1.632.794)	(1.400.168)
15. Ingresos financeiros.	9	66.080	113.716
16. Gastos financeiros.		-	-
14. Diferenzas de cambio		(1.865)	-
A.2) EXCECENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (15+16)		64.215	113.716
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		(1.568.579)	(1.286.452)
A.4) VARIACION DO PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCIZO (A.3)		(1.568.579)	(1.286.452)
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			
1. Subvencións recibidas	15	12.316.537	11.830.071
2. Doazóns e legados recibidos	15	500	400
B.1 VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4)		12.317.037	11.830.471
C) RECLASIFICACIÓNS Ó EXCEDENTE DO EXERCIZO			
1. Subvencións recibidas	15	(14.879.250)	(15.194.425)
2. Doazóns e legados recibidos	15	(1.003.062)	(1.003.475)
C.1 VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓNS Ó EXCEDENTE DO EXERCIZO (1+2+3+4)		(15.882.312)	(16.197.900)
D) VARIACIONES DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE Ó PATRIMONIO NETO (B1+C1)		(3.565.275)	(4.367.429)
F) AXUSTES POR ERROS			
H) OUTRAS VARIACIÓNS		-	-
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCIZO (A.4+D+E+F+G+H)		(5.133.854)	(5.653.881)

As notas 1 a 22 da Memoria axunta forman parte integrante da conta de pérdidas e ganancias abreviada do exercicio terminado o 31 de decembro de 2025



MEMORIA

01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

05 - INMOBILIZADO MATERIAL

06 - BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

07 - INMOBILIZADO INTANXIBLE

08 - ARRENDAMENTOS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR

09 - INSTRUMENTOS FINANCEIROS

10 - FONDOS PROPIOS

11 - EXISTENCIAS

12 - SITUACIÓN FISCAL

13 - INGRESOS E GASTOS

14 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

15 - SUBVENCIONES, DOAZÓNS E LEGADOS

16 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

17 - FEITOS POSTERIORES Ó PECHE

18 - OPERACIÓNS CON PARTES VENCELLADAS

19 - OUTRA INFORMACIÓN

20 - ESTADOS DE FLUXOS DE EFECTIVO

21 - INVENTARIO



01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

1. Constitución:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (*en diante, "a Fundación" ou "a Entidade"*) constituíuse o 27 de decembro de 1999, figurando inscrita co número 73 no rexistro de fundacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O seu enderezo social e fiscal sitúase en Santiago de Compostela, no lugar de Monte Gaiás. O proceso de construción da Cidade da Cultura de Galicia, xunto coa actividade vencellada os edificios xa rematados, centrou as tarefas da Fundación nos exercicios últimos exercicios. O réxime xurídico no momento da súa constitución foi de Fundación.

2. Fins e actividades da Entidade:

Os fins da Entidade, segundo se establece nos seus estatutos no artigo 6, son a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituían un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural*.

As actividades realizadas no exercicio en cumprimento do artigo 7 dos seus estatutos desenvolven os seguintes eixos de traballo:

- A decisión de converter a Cidade da Cultura nun **polo das artes dixitais en España**, a través da construción do primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia.
 - O **programa de itinerancias expositivas**, o que significa exportar cada vez máis contidos do Gaiás fóra do Gaiás, para nutrir de exposicións a outros centros da nosa comunidade.
 - Os **bos resultados que se están a colleitar co programa de apoio á creación**, tanto a través das REGA – Residencias Artísticas do Gaiás-, como de proxectos como o Encontro de Artistas Novos (EAN) ou da Residencia Literaria.
 - O **compromiso coa cultura inclusiva**, coa incorporación progresiva de medidas cada vez máis amplas para favorecer o acceso á cultura de todos os colectivos, así como co traballo man a man con diferentes asociacións.
 - E a **perspectiva medioambiental**, a través dunha liña que deu en bautizar como *Gaiás en verde*, e coa que quere que a sustentabilidade se converta nunha seña de identidade do xeito de facer cultura desta institución.
- **Programa cultural.-** Sen ánimo de expor o conxunto do programa cultural e antes de centrarse na área das artes dixitais, ponse en valor a actividade do Museo pola relevancia das exposicións de 2025 desde a perspectiva de divulgación da cultura galega.
- Así, a oferta centrouse en iconas como Castelao, coa mostra **“Castelao. Mirar por Galicia”**, e que foi un dos pratos fortes do programa promovido pola Xunta de Galicia no “Ano Castelao”.
- Xunto a Castelao, a Fundación tivo en marcha unha das exposicións máis ambiciosas sobre Asorey. Co título **“Francisco Asorey. Unha recuperación necesaria”**, a mostra reivindica o espazo que o creador de Cambados merece na historia da arte de Galicia e de España.
- Ademais, o Museo presentou **“Rafael Úbeda. Visión retrospectiva”**. A mostra ofreceu un percorrido exhaustivo pola traxectoria artística de Úbeda, un dos pintores máis relevantes da Galicia contemporánea.
- O programa completouse coa proposta **“Boris Savelev. Viewfinder, unha forma de mirar”**, a retrospectiva máis ampla realizada ata agora sobre Savelev, fotógrafo de orixe ucraína e radicado en Vigo, gañador do Premio PhotoEspaña no 2024.
- **Programa Gaiás Inspira.-** No eido da actividade expositiva, destácase unha **aposta polas accións que buscan unha maior conexión co público**, despregando iniciativas que perseguen unha dinamización das mostras e que demos en chamar **‘Gaiás inspira’**, agrupando baixo esta etiqueta propostas de mediación dirixidas a diferentes tipos de públicos que procuran enriquecer as visitas e os contidos (visitas teatralizadas, obradoiros, ou fórmulas máis creativas como *escape rooms...*).



- **Dixitalización.-** Neste eido, a Fundación dirixe a atención cara **ao primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia**. As obras están practicamente **listas para comezar os traballos de equipamento tecnolóxico do espazo**. Máis alá das lóxicas razóns de aproveitamento de sinerxías polos equipamentos culturais e tecnolóxicos que xa existen na CdeC, **a decisión de localizar no Gaiás este centro obedece a unha ventá de oportunidade:**

- o O feito de que existía un espazo soterrado, no seu momento pensado como aparcadoiro do Teatro da Música -un dos edificios non construídos-.
- o Este espazo fará posible que dotar a Galicia do seu primeiro Centro de Artes Dixitais **non precisase da construción dun edificio novo, senón dunha adaptación de espazos xa existentes**.

Adaptada a infraestrutura física, **o seguinte paso será o seu equipamento tecnolóxico**. Estase a traballar xa na preparación da licitación que permitirá contratar os recursos necesarios no ano 2026.

O novo compromiso que adquirimos é que **que Galicia poida contar no seu Xacobeo 2027 cun Centro de Artes Dixitais** que achegue contidos de impacto ao programa cultural que está a preparar a Xunta de Galicia.

Precisamente, en relación co programa de contidos que se desenvolverán neste centro, o pasado novembro celebrouse no Gaiás a **primeira edición de SINTE, un foro internacional de arte e cultura dixital** que achegou a Galicia a algunhas das figuras de referencia en artes dixitais do panorama internacional.

Eventos como SINTE están a permitir atopar inspiración en 'casos de éxito' noutros lugares do mundo, pero tamén abrir unha vía de diálogo co sector galego para coñecer de primeira man as súas necesidades.

A dixitalización vén sendo unha das liñas de traballo estratéxicas da Cidade da Cultura, con experiencias como 'Carne y Arena', ou os proxectos agrupados baixo o nome de 'Galiverso', etc... unha liña de traballo que está a obter tamén os seus primeiros recoñecementos.

A principios de 2025 a Fundación coñecía que a experiencia '**Hábitats**', producida pola Cidade da Cultura, estreada en Santiago e que itinerou logo a Coruña, era incluída entre **as propostas de arte dixital máis salientables de España** no ránking elaborado pola Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea.

Este foi o ano no que o Museo Gaiás estreou a experiencia inmersiva "**Orixes**", que recentemente foi elixida **finalista dos que probablemente son os premios europeos máis relevantes en artes dixitais**: os XR Awards.

Nestas primeiras experiencias dixitais non debe esquecerse a xa citada '**Castelao. Mirar por Galicia**', **probablemente a experiencia tecnolóxica máis ambiciosa producida ao redor desta figura**, precisamente no Ano Castelao. Grazas a esta iniciativa tívose a oportunidade, entre outras moitas cousas, de escoitar a Castelao falando por vez primeira en galego.

Entre as moitas oportunidades que ofrece esta tecnoloxía, destaca a posibilidade de que os contidos dixitais circulen por Galicia, como está a acontecer cos proxectos do *Galiverso* que se achegan a tantos centros escolares, ou en itinerancias como a de *Hábitats*.

Tanto o Museo Gaiás como a Biblioteca de Galicia levan anos producindo **visitas virtuais** ás súas exposicións e mostras. O obxectivo é que estes contidos continúen dispoñibles unha vez finalice o seu período de apertura ao público.

- **Itinerancias.-** Máis alá da dixitalización, a Fundación dirixe a súa atención sobre unha liña de traballo que no ano 2025 acadou un récord, froito do esforzo cun compromiso: **que a Cidade da Cultura de Galicia sexa cada vez máis de toda Galicia, e non só de Santiago de Compostela**.

Por primeira vez na historia da Cidade da Cultura, o programa de itinerancias expositivas achegárase ao remate do ano a cifra de 70.000 visitantes, unha cantidade que representa unha marca histórica no público que goza de contidos producidos polo Gaiás en centros das súas localidades. **En total foron 11 as exposicións itinerantes** que chegaron a cidades como Madrid, Zamora, A Coruña, Pontevedra, Vigo ou Lugo, unha lista á que este ano sumáronse tamén por vez primeira vilas como Ribadavia, Pontearreas ou Baiona.

Co obxectivo de optimizar os contidos producidos no Gaiás, non só no Museo, senón tamén na Biblioteca de Galicia, fabricáronse estruturas que permiten **exposicións de rúa** o que fai posible que vilas como Ribadavia ou Pontearreas poidan achegarse aos contidos co selo de calidade do Gaiás.



Con accións como esta, estanse a dar pasos na accesibilidade, superando barreiras que teñen que ver co territorio e ampliando as posibilidades de que a veciñanza do rural poida gozar de propostas tradicionalmente limitadas ás cidades. En resumo, neste punto das itinerancias expositivas, xustifícanse por:

- permiten aliarse con museos e centros para fornecelos de contidos, optimizando a actividade do Gaiás.
- fan posible exhibir fóra das fronteiras da nosa comunidade algunhas das mellores expresións da cultura galega, contribuíndo a estreitar lazos culturais, como está a acontecer coa exposición fotográfica da “**A Vía da Prata. Aires do sur**”, que xa percorreu Santiago, Ourense, Cáceres, Madrid ou Zamora.

- **Apoio á creación.**- Outra das liñas de traballo sobre a que cómpre deterse son as accións que a Cidade da Cultura está a desenvolver para **apoiar a comunidade de artistas**. Moitas veces percíbese o traballo dos equipamentos culturais centrado na exhibición, relegando outros aspectos, como o de abrir oportunidades de traballo que fortalecen o sector cultural. **En 2025, a Cidade da Cultura canalizou un investimento de 166.000 euros en diferentes programas que tiñan este obxectivo: prestar apoio a creadores e creadoras maioritariamente galegos.**

Este apoio tradúcese en diferentes liñas, se ben hai novidades que retratan os resultados que se están a recoller:

- **Residencia Literaria.**- Pese a súa curta vida, cinco edicións, son xa **sete o número de proxectos publicados**, o que confirma o seu obxectivo de contribuír a enriquecer o sistema literario galego con novas voces. De feito, dous dos grandes éxitos editoriais deste ano foron traballados neste residencia: *Comerás flores* da Lucía Solla e o Premio de Novela Blanco Amor a Cecilia Santomé.
- **Axudas REGA.**- nas que os participantes obteñen unha axuda da Xunta de 8.000 euros para desenvolver un proxecto artístico e das que están a xurdir iniciativas dunha calidade enorme. No marco deste programa de apoio á creación da Xunta de Galicia estreouse en Roma *KARST*, unha peza desenvolvida en colaboración co festival RESIS.

- **Cultura inclusiva.**- Outras das liñas de traballo, en consonancia cos proxectos estratéxicos da Xunta, **foi impulsar unha maior inclusividade na cultura**. Adoptáronse medidas interesantes, como **mochilas vibratorias** para que persoas con problemas de audición poidan gozar de concertos, ou **adaptación de contidos expositivos á lingua de signos**, así como a elaboración de recursos específicos para ampliar o nivel de inclusividade das exposicións -con textos e folletos de lectura fácil, ou descrición dos audiovisuais para persoas con discapacidade visual-, así como eventos con intérpretes en lingua de signos -como o foro SINTE-.

Houbo colaboracións coa **Federación de Persoas Xordas de Galicia**, co **Programa Vagalume** durante o 25-N, colectivo especializado no soporte ás persoas en contextos de explotación sexual. Tamén o Museo abriu as súas portas a exposicións como a mostra “**Contemos multitudes**” da Federación que agrupa a **cinco asociacións que traballan con persoas con dano cerebral adquirido** ou acollendo a mostra **Historia LGTBI da Galicia Orgullosa**.

Coincidindo coa apertura da instalación “**Plastic Biontes**”, do colectivo artístico Basurama, nas Hejduk e no marco da conmemoración do Día do Medio Ambiente, a Cidade da Cultura organizou unha actividade na que participaron **persoas con discapacidade intelectual das asociacións ASPAS e Fonte da Virxe**. Con este tipo de medidas, quere que a Cidade da Cultura sexa accesible non só para persoas de toda Galicia, senón para todos os galegos e galegas, avanzando na eliminación de barreiras.

- **Centro de apoio loxístico ó Museo e á Biblioteca de Galicia.**- No ano 2025 adxudicáronse as obras para dotar ao Museo Gaiás e a Biblioteca e Arquivo **dun novo espazo de apoio loxístico para dar resposta ás necesidades de almacenaxe derivadas da expansión da actividade da Cidade da Cultura**. Para levalo a cabo non será necesario un edificio novo, senón que se aproveitará a existencia dunha estrutura de formigón en desuso, erguida para o que ía ser o Teatro da Música, edificio incluído no proxecto orixinal do Gaiás e non construído.

Dada a localización desas novas instalacións no lateral do Xardín do Teatro anexo á Biblioteca, optarase por unha solución arquitectónica que favoreza a súa integración no espazo verde onde se atopan, eliminando o impacto visual que xera agora este muro.



Cunha superficie de 1.000 m², permitirá conservar obras de arte e fondos bibliográficos, así como almacenar estruturas e outro tipo de elementos técnicos empregados na montaxe das mostras ou nas producións escénicas.

A actuación responde ao incremento da actividade do Museo e da Biblioteca e Arquivo, así como á ampliación de liñas de traballo da Cidade da Cultura, que nos últimos anos comezou a producir exposicións e outros contidos non só para seren exhibidos no Gaiás, senón para itinerar por toda a Comunidade e centros de fóra de Galicia.

- **Ampliación do escenario do Edificio Fontán para acoller espectáculos escénicos.-** Outra das actuacións iniciadas en 2025 será a **ampliación do escenario do Auditorio do Fontán, coa que se quere dar resposta á demanda de que este espazo poida acoller espectáculos de teatro, danza e música.** A futura instalación favorecerá un aforro nos custos de produción ao reducir de maneira significativa a montaxe dos escenarios e estruturas efémeras empregadas agora para actividades da Cidade da Cultura. As obras do Centro de Artes Dixitais ofrecen a oportunidade idónea para levar a cabo esta actuación neste momento, xa que esta infraestrutura se está a construír nun espazo subterráneo anexo á parede traseira do Auditorio do Edificio Fontán.

Na zona sur dos aparcadoiros, rematouse este ano un espazo para eventos de gran afluencia no exterior: **o Campo do Gaiás.** Trátase dunha área concibida como un “claro no bosque”, rodeado de árbores de gran porte que permiten un illamento fronte ao tráfico.

- **Gaiás en verde.-** Desde a Dirección de Acción Cultural estase a situar **o compromiso coa sustentabilidade no centro da acción creativa** e foi, por exemplo, este concepto o que articulou toda a programación de verán, que tivo moi presente a ampla superficie verde que rodea ao Gaiás.

Esta liña de traballo foi inaugurada cunha intervención nas Hejduk do Colectivo Basurama e continuou cunha oferta de campamentos, obradoiros, accións medioambientais e actividades familiares no Parque do Lago nas que os valores medioambientais foron da man da creatividade.

O espírito de *Gaiás en verde* conecta co **Plan de Eficiencia Enerxética** no que se está a traballar, e que inclúe un diverso abano de medidas que se irán despregando a curto, medio e longo prazo. Dende unha forte aposta polas enerxías renovables ata a instalación dunha central de biomasa ou de sistemas que permitan o aproveitamento da auga de chuvia para os sistemas de rega das áreas verdes, así como substitución de tecnoloxía obsoleta e aposta por sistemas menos contaminantes y cun menor custo.

- **Eventos de empresas e organizacións.-** Máis alá da actividade cultural, a Cidade da Cultura resulta un espazo no que empresas, institucións, organizacións sociais ou culturais elixen para organizar eventos.

Escollen este complexo tanto pola súa arquitectura singular como pola flexibilidade e equipamento dos seus espazos, así como pola calidade dos recursos técnicos e humanos.

En total, as instalacións da Cidade da Cultura **acolleron 641 eventos.**

Estamos, ademais, nun proceso no que os eventos que se celebran son de maior dimensión e repercusión, o que ten un efecto moi positivo para Galicia.

3. A moeda funcional coa que opera a Entidade é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración de esta memoria.

4. Réxime Legal:

A Fundación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Fundacións de Interese Galego, concretamente a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

En concreto, por achegar a Xunta de Galicia a totalidade da Dotación Fundacional e recibir ingresos maioritariamente da mesma, a Fundación está suxeita ao previsto na Lei do Parlamento de Galicia, 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público



Autonómico de Galicia así como a Resolución da Consellería de Economía do 31 de marzo de 1999 sobre control financeiro das fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a aplicación do réxime fiscal previsto na Lei 49/2002 mencionada anteriormente, a Entidade comunicou á Administración Tributaria a súa opción polo citado réxime a través da correspondente declaración censual.

Este réxime fiscal aplícase ó período impositivo que finalice con posterioridade á data de presentación da declaración censual na que se conteña a opción e os sucesivos, en tanto a Entidade non renuncie a dito réxime. Con data 13 de xaneiro de 2005, a Entidade presentou declaración censual ante a Administración Tributaria comunicando a opción polo réxime fiscal contido na Lei 49/2002.

02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á Entidade é o establecido no:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeneral de Contabilidade regulado en no R.D. 1514/2007, de 16 de novembro e as súas posteriores modificacións, en especial a adaptacións do mesmo ás entidades sen fins lucrativos (R.D. 1491/2011, de 24 de outubro) e a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no desenvolvemento do Plan Xeneral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto da normativa contable e fiscal española que resulte aplicable e en especial o que se establece nas leis orzamentarias da Comunidade Autónoma.

1. Imaxe fiel:

As contas anuais do exercicio 2025 foron formuladas pola Xerente da Fundación a partir dos rexistros contables da fundación a 31 de decembro de 2025 e nelas aplicouse o marco normativo recollido anteriormente, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación, e do grao de cumprimento das súas actividades, así como da veracidade dos fluxos incorporados no estado de fluxos de efectivo.

Non existen razóns excepcionais, polas que, para amosar a imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

Estas contas anuais someteranse á aprobación polo Padroado da Fundación, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

As contas anuais do exercicio 2024, foron aprobadas polo Padroado da Fundación, o 26 de xuño de 2025.

2. Principios contables:

No foi necesario, ni se creu convinte por parte da administración da Entidade, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o artigo 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeneral de contabilidade.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

A Entidade elaborou as súas contas anuais baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nestas contas anuais utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Xerencia da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións se refiren a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxibles (Notas 4.1 e 4.2).
- A avaliación de posibles perdas por deterioro de determinados activos.
- A determinación da non reintegrabilidade das subvencións.
- A evolución de posibles perdas por insolvencias de usuarios e outros debedores da actividade propia e outras partidas a cobrar.



- As estimacións realizadas para a determinación dos compromisos de pagos futuros (Nota 8).
- A medición dos riscos financeiros ós que se expón a Fundación no desenvolvemento da súa actividade.
- A estimación sobre o risco financeiro, derivado da posible perda de subvencións e doazóns privadas e públicas.
- A probabilidade de ocorrencia e o importe dos pasivos indeterminados ou continxentes.

É posible que, a pesar de que estas estimacións se realizaron en función da mellor información dispoñible á data de formulación de estas contas anuais sobre os feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificálas (*ó alza ou á baixa*) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.

A pesar do resultado negativo do exercicio 2025, a 31 de decembro de 2025 e 2024 presentaba un patrimonio neto e un fondo de manobra positivos.

Non obstante, convén sinalar que a Dirección da Fundación está levando a cabo un plan de actuacións orientado a reducir gastos e na medida do posible aumentar os ingresos, para reconducir a situación da Fundación.

O Padroado da Fundación considera que estas medidas son suficientes para garantir a súa continuidade, de forma que as Contas Anuais foron elaboradas aplicando o principio de empresa en funcionamento.

4. Comparación da información:

Os efectos da obriga establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio, e ós efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito de comparabilidade, para elaborar as contas anuais do exercicio utilizouse a estrutura do Balance expresado en modo normal e da Conta de Resultados expresada en modo abreviado no Plan Xeneral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos publicado o 26 de marzo de 2013.

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados abreviada, ademais das cifras do exercicio 2025, as correspondentes o exercicio anterior. A información contida nesta memoria referida o exercicio 2024 preséntase só a efectos comparativos coa información do exercicio 2025.

A Fundación está obrigada a auditar as contas anuais dos exercicios 2025 e 2024. O exercicio 2023 xa foi auditado e o 2025 atópase en proceso de auditoría.

5. Agrupación de partidas:

As contas anuais recollen partidas que foron obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados abreviada.

6. Cambios en criterios contables:

Durante o presente exercicio non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto ós criterios aplicados no exercicio anterior.

7. Corrección de erros:

Na elaboración das contas anuais do exercicio 2025 non se detectou ningún erro significativo que supoña a reexpresión dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio 2024.

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

O excedente do exercicio ven determinado principalmente polas seguintes partidas:

- Ingresos por arrendamentos: supoñen o 5% dos ingresos da Entidade e recollen os ingresos polo arrendamento dos bens, principalmente espazos, do patrimonio da fundación.
- Ingresos por vendas de bens e prestación de servizos: supoñen o 1% dos ingresos da Entidade e recollen os ingresos por vendas de produtos no museo e prestación de servizos a terceiros.



- Subvencións, doazóns e legados: supoñen o 94% dos ingresos da Entidade e recollen as cantidades aportadas polas administracións, entidades e particulares para o desenvolvemento dos fins e os importes traspasados o exercicio das subvencións e doazóns de capital.
- Gasto de persoal: supón o 8% do gasto da Entidade e recolle as cantidades pagadas ós traballadores en virtude de contrato laboral.
- Outros gastos da actividade: supoñen o 56% dos gastos totais da Entidade e recollen as compras de bens e servizos correntes empregados na actividade de fins.
- Amortización do inmovilizado: supón o 35% do gasto da Entidade e recolle a depreciación sufrida polos bens de inversión.

A proposta de aplicación do excedente do exercicio 2024 por parte da Xerente da Fundación que se someterá a aprobación do Padroado é a seguinte:

Base de reparto Exercicio 2025	Importe
Excedente do Exercicio	(1.568.579)
Total	(1.568.579)

Aplicación do excedente do Exercicio 2025	Importe
A Excedentes negativos de exercicios anteriores	(1.568.579)
Total	(1.568.579)

Base de reparto Exercicio 2024	Importe
Excedente do exercicio	(1.286.452)
Total	(1.286.452)

Distribución do excedente do Exercicio 2024	Importe
A Excedentes negativos de exercicios anteriores	(1.286.452)
Total	(1.286.452)

04 – NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Os criterios contables aplicados son os seguintes:

1. Inmovilizado intanxible:

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custo de adquisición e/ou produción e, posteriormente, valóranse ó seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e/ou perdas por deterioro que experimentaran.

A Fundación recoñece calquera perda que se producira no valor rexistrado de estes activos con orixe no seu deterioro, os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioro destes activos e, se procede, das recuperacións das perdas por deterioro rexistradas en exercicios anteriores son similares ós aplicados para o inmovilizado material.

Os activos intanxibles amortízanse liñalmente en función dos anos de vida útil estimada que se consideraron que son cinco anos.

2. Inmovilizado material:

A partida de inmovilizado material inclúe en termos xerais bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo debido a que unicamente se destinan a unha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial.

Os bens comprendidos no inmovilizado material valoráronse polo prezo de adquisición ou custe de produción e minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas e calquera perda por deterioro de valor coñecida. O prezo de adquisición e o custo de produción inclúen os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.



a) Amortizacións

As amortizacións establecéronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e disfrute, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidera afectalos.

Os coeficientes de amortización utilizados son:

Descrición	Método empregado	Período	% Anual
Construcións	Lineal	Máximo 600 meses	2-3
Instalacións Técnicas	Lineal	Máximo 120 meses	10
Outras Instalacións	Lineal	Máximo 240 meses	5-12
Mobiliario	Lineal	Máximo 150 meses	8-10
Equipos Procesos de Información	Lineal	Máximo 48 meses	25
Elementos de Transporte	Lineal	Máximo 75 meses	16
Outro Inmobilizado	Lineal	Máximo 150 meses	8-12

Con certa periodicidade, procédese a revisar a vida útil estimada dos elementos do inmobilizado material de uso propio, de cara a detectar cambios significativos nas mesmas, que, en el caso de producirse, axústanse mediante a correspondente corrección do cargo ás contas de resultados abreviadas de exercicios futuros, en concepto da súa amortización, en virtude das novas vidas útiles.

b) Deterioro de valor dos activos materiais non xeradores de fluxos de efectivo

Prodúcese una perda por deterioro de valor dun elemento do inmobilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supera ó seu importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venta e o seu valor en uso. A tal efecto, o valor en uso determínase por referencia ó custo de reposición.

Á data de peche de cada exercicio, a Entidade avalía se existen indicios de que algún inmobilizado material ou, no seu caso, algunha unidade de explotación ou servizo poida estar deteriorado, en cuxo caso, estima os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan.

Os cálculos do deterioro dos elementos do inmobilizado material efectuaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioro dos elementos do inmobilizado material non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron houberan deixado de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de resultados. A reversión do deterioro ten como límite o valor contable do inmobilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se houbese rexistrado o deterioro do valor.

c) Custos de renovación, ampliación ou mellora:

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmobilizado material serán incorporados ó activo como maior valor do ben na medida en que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, debéndose dar de baixa o valor contable dos elementos que se substitúan.

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmobilizado non xeradores de fluxos de efectivo serán incorporados ó activo como maior valor do ben na medida en que supoñan un incremento da capacidade de servizo do citado activo, debéndose dar de baixa o valor contable dos elementos que se substitúan.

3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

Os mesmos criterios de valoración relativos ó inmobilizado material, aplícanse ós bens do Patrimonio Histórico tendo en conta que as grandes reparacións ás que deben someterse estes bens se contabilizan de acordo co seguinte criterio:



a) Na determinación do prezo de adquisición tense en conta a incidencia dos custos relacionados con grandes reparacións. Neste senso, o importe equivalente a estes custos amortízase de forma distinta ó resto do elemento, durante o período que medie ata a gran reparación.

CONTEMOS MULTITUDES	A exposición estivo composta por 58 imaxes estruturadas en dúas seccións: por unha banda, 21 retratos do fotógrafo galego Fuco Reyes, recoñecido con numerosos premios pola súa traxectoria profesional; e, por outra, 37 fotografías realizadas por persoas con dano cerebral adquirido, froito dun obradoiro creativo dirixido polo propio artista.	Do 05.08 ao 07.09.2025	2.384
FRANCISCO ASOREY. UNHA RECUPERACIÓN NECESARIA	A mostra afondaba, desde unha mirada contemporánea, no universo creativo dun dos escultores galegos máis salientables e renovadores da arte estatal do século XX. A súa elección como protagonista do Día das Artes 2024 da Real Academia Galega de Belas Artes permitiu integrar este proxecto na programación do Museo Centro Gaiás, reforzando o compromiso da Cidade da Cultura coa difusión de figuras esenciais da arte galega. Comisariada por Miguel Fernández-Cid, con coordinación de Carmen Asorey —neta do artista e figura clave na recuperación da súa memoria—, a exposición reunía arredor de medio cento de esculturas e unha decena de escaiolas, ademais de debuxos, documentos, ferramentas e materiais audiovisuais.	28.10.2025 ao 05.04.2026	16.098
UNHA VIDA VIQUINGA	A exposición, comisariada por Irene García Losquiño, achegou á Cidade da Cultura de Galicia unha visión máis ampla e diversa do pobo viquingo, afastándose dos clichés habituais de conquistas e violencia. Foi unha das maiores mostras realizadas en España sobre esta civilización, reunindo unhas 120 pezas históricas e arqueolóxicas procedentes de institucións museísticas de Suecia, Dinamarca, Francia e España	Do 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025), máis itinerancia no Museo de Mar de Galicia (do 09.06 ao 28.09.2025)	16.368
TATTOO. ARTE BAIXO A PEL	A mostra segue a viaxe da tatuaxe a través do tempo e de diversos continentes, explorando como esta práctica se converteu nunha expresión artística en un fenómeno global. Producida polo Musée du Quai Branly - Jacques Chirac, a exposición reúne 240 obras.	Do 24 de outubro de 2024 ao 20 de abril de 2025	12.246
NICOLAS MULLER EN GALICIA	O groso da exposición conformábano 82 fotografías realizadas por Muller nos anos 60, cando recibe un encargo fotográfico para unha serie de libros ilustrados que amosasen a riqueza da paisaxe e da cultura das diferentes rexións de España	Itinerancias en Vigo (Do 13.03 ao 18.05.2025) e en Lugo (Do 21.10.25 ao 21.02.2026)	9.116



VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR	A mostra amosaba paisaxes, monumentos e escenas cotiás que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días. Estivo conformada por 140 imaxes de 40 fotografías e fotografías que convidaban a contemplar a realidade coa ollada curiosa e serena do camiñante. Comisariada por Lucía Lain.	Itinerancias en Madrid (Do 02.04 ao 25.05.2025) e en Zamora (Do 10.10 ao 03.12.2025)	5.877
HABITATS. NATUREZA EXTENDIDA	Hábitats. Natureza estendida foi unha experiencia sensorial inmersiva que amosaba, a través dunha viaxe polos cinco continentes, a diversidade de ecosistemas do planeta Terra. Combinando nunha única capa os mundos físico e dixital.	Itinerancia na Coruña (Do 24.04 ao 13.09.2025)	14.034
BOTAMOS UN BAILE?	A exposición, baseada no estudo Do palco ao escenario, coordinado por Xaime Fandiño da Universidade foi comisariada por Zósimo López e Henrique Neira, naceu en 2023 na Biblioteca de Galicia cos seus propios fondos. No ano 2024, emprendeu unha viaxe por Ponteareas, Ribadavia e Baiona, en formato de rúa, con tres paneis e cinco bancos, dentro do programa expositivo da Cidade da Cultura	Itinerancia en Ponteareas (Do 10.06 ao 29.06.2025), Ribadavia (Do 08.07 ao 29.07.2025) e a Baiona (Do 03.09 ao 29.09.2025)	19.938
O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA	O principal obxectivo da mostra O Camiño Portugués foi poñer o foco na fotografía para propiciar un encontro transfronteirizo. Con material procedente de arquivos fotográficos de Portugal e Galicia, a mostra tomaba como punto de partida a cidade de Oporto para continuar o itinerario do Camiño Portugués utilizando como recurso as obras de arquivos fotográficos de España e Portugal. A exposición estivo conformada por un total de 120 fotografías, 80 históricas e 40 actuais,	Itinerancia en Baiona (Do 01.07 ao 29.07.2025)	897
Apoio á creación artística	Breve descripción	Datas	Asistencia 2025
FAMILIA NIJINSKA	A compañía VacaBurra participou na Incubadora de Proxectos de Escenas do cambio cunha residencia creativa de dúas semanas na que desenvolveu o seu proxecto Familia Nijinska. Esta incubadora, orientada ao acompañamento de procesos no ámbito das artes escénicas, ofreceu un espazo de traballo e reflexión artística para a investigación escénica desta proposta, combinando documentación histórica e creación contemporánea	Do 28.04 ao 11.05.2025	2
REGA. Clásicas Desfeitas (vol.12). Mala vida e peor morte de Ricardo III	O programa Clásicas Desfeitas previsto para o 2025 incluíu dúas pezas escénicas que permitían redescubrir clásicos da literatura galega a través doutras disciplinas artísticas. Mala vida e peor morte do rei Ricardo III, foi o título do primeiro dos proxectos escollidos. Compañía: Producións Teatrais Excéntricas	Do 13.01 ao 31.01.2025 e do 10.02 ao 20.02.2025	10
REGA. Clásicas Desfeitas (vol.13). Medea-mamá-monstro	O segundo proxecto do programa Clásicas desfeitas 2025, coproducido polo Centro Dramático Galego e a Cidade da Cultura, foi Medea-Mamá-Monstro, das artistas Laura Porto e Helena Varela	Do 19.02 ao 27.02.2025	2
CONVERXENCIAS	Converxencias foi a residencia artística que acolleu o XVII encontro da Banda Sinfónica Galega, celebrado entre o 18 e o 22 de agosto de 2025 na Cidade da Cultura. A iniciativa reuniu a 72 músicos, incluíndo membros da Banda Sinfónica Xuvenil Galega e dous ensembles de metais e madeiras, nun espazo de formación e intercambio musical dirixido por David Fiúza, xunto aos docentes Carmen Ferreiro Soto e Pablo Fernández Guzmán.	Do 18 ao 22.08.2025	240



RESIDENCIAS INCIPIT	Na terceira edición da vía colaborativa entre o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit, CSIC) e as Residencias Artísticas do Gaiás (REGA) da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, incorporouse a participación de Ana Penyas (Valencia, 1987), autora recoñecida pola súa capacidade para abordar cuestións sociais e de memoria colectiva desde unha perspectiva próxima á etnografía.	Do 02.07 ao 15.07.2025	24
PHYGITAL LAND	Phygital Land foi a intervención artística gañadora do Concurso de Intervencións nas Torres Hejduk do XIV Encontro de Artistas Novos (EAN14), desenvolvida por Irene Molina. A proposta explorou a fusión entre o mundo físico e o dixital a través dunha instalación que combinou esculturas creadas mediante fotogrametría e impresión 3D con proxeccións animadas e paisaxes sonoras, cuestionando os límites entre o natural, o tecnolóxico e o virtual.	Do 28.08.2025 ao 11.01.2026	1.920
REGA-RESIDENCIA LITERARIA	A quinta edición da Residencia Literaria da Cidade da Cultura reuniu a autoras e autores emerxentes do panorama galego nun espazo de creación e reflexión arredor do oficio literario. A actividade tiña como obxectivo o acompañamento de proxectos inéditos de poesía, narrativa, teatro e literatura infantil, promovendo o diálogo entre xéneros e disciplinas. Nesta ocasión, contou por vez primeira coa coordinación da escritora e xestora cultural Eva Mejuto,	Do 30.06 ao 12.07.2025	15
REGA-RESIDENCIAS PARAÍSO. Do outro lado	As Residencias Paraíso, promovidas polo Colectivo RPM, desenvolveron en 2025 a súa novena edición cun total de oito proxectos seleccionados. Este programa apostou un ano máis por ofrecer tempo e espazo para a investigación e creación no eido da danza e das artes vivas, fomentando a conexión entre artistas e espazos de distintas características en todo o territorio galego.	Do 22.05. ao 22.06.2025	2
PLASTIC BIONTES	Plastic biontes foi unha intervención artística nas Torres Hejduk que propuxo un diálogo simbólico entre o complexo do Gaiás e a cidade de Santiago a través do lixo industrial, resignificado como materia creativa. A instalación foi creada por Basurama	Do 05.06 ao 23.11.2025	58
H+E.	Proposta de Isabel Merchante e Óscar Manrique (intervención gañadora do EAN14) para as Torres Hedjuk	Do 29.08.2024 ao 05.01.2025	58
HORIZONTES ERRANTES	Durante quince días, Laura Aris e Jakob Jautz percorreron a pé os traxectos entre Tübingen e Friburgo, e entre Villanueva de Santo Adriano e Santiago de Compostela (seguindo o Camiño Primitivo), recollendo historias, sons, paisaxes e encontros significativos que serviron de base para a dramaturxia dunha proposta performativa. O resultado deste proceso foi Horizontes Errantes, unha peregrinación artística entre Alemaña e España concibida como un proxecto de arte en movemento. Os artistas organizaron un obradoiro gratuito de danza contemporánea o 28 de setembro na Cidade da Cultura	Do 22.09 ao 28.09.2025	73
BOLSAS REGA 2025	Seis bolsas de formación a través de residencias, para realizar os seguintes proxectos: "Axulexería" (Loaira Pérez); "Desde a fonte do pobo ata un piso no terceiro nivel" (Mar Ramón); "Cidade sonora" (Andrés R. Monteavaro); "Cerebral 4.0." (Alberto Castaño); "Aburrimiento" (Marta Alonso Tejada) e "Dream on" (Antúan Rivas)	Do 15.09.2025 ao 26.11.2025	267



<i>FIT. Formación específica en improvisación teatral</i>	Durante o verán, os espazos REGA do Gaiás acolleron a segunda edición do Curso de Formación Específica en Improvisación Teatral da Universidade de Santiago de Compostela (FIT USC), unha proposta única no ámbito universitario europeo	Do 28 ao 30.08.2025	30
<i>RESIDENCIA ARTÍSTICA. MOFA E BEFA. OS DOUS DE SEMPRE</i>	A compañía Mofa & Befá desenvolveu unha residencia artística no espazo REGA 2 da Cidade da Cultura para a fase final de creación da súa nova produción teatral Os dous de sempre, unha adaptación da única novela de Castelao.	Do 08.09 ao 03.10.2025	30
Música e escena	Breve descripción	Datas	Asistencia 2025
<i>ESCENAS DO CAMBIO 2025</i>	A programación reuniu a artistas de oito países (España, Alemaña, Australia, Bélxica, Corea do Sur, Cuba, Portugal e Suíza) cun total de 15 propostas. Nese contexto, Escenas do cambio 2025 acolleu cinco estreos absolutos —entre as que destacaron Baunsbak, de Elvi Balboa; Fuga para o tempo presente, de Nuisis Zobop; ou a proposta musical dixital O intanxible e o non mundo, de Mercedes Peón— así como a residencia artística do colectivo VACAburra co seu novo traballo Familia Nijinska. O festival tamén presentou dúas estreos internacionais en España: Exposure, unha colaboración entre Danza Contemporánea de Cuba e o Urban Arts Ensemble Ruhr (Alemaña), coa música en directo de Ben Frost; e Worn Out, un solo poético da compañía surcoreana Chumpan Yamoo. Completaron a programación propostas como Black through red e I'm not an influencer (Schwarzenegger exterminó mi futuro), o tríptico de Reinaldo Ribeiro sobre a representación racializada no arte; as instalacións So de Cop, de Arnau Obiols, e Ruido, de Ça Marche; a peza Solala, de Amalia Fernández; o teatro físico de I'm not a hero, de Fluctus; e a performance musical Roland Mon Amour, de Cris Balboa, coproducida polo Centro Dramático Nacional e o Centro Dramático Galego.a, Corea do Sur, Cuba, Portugal e Suíza). Dirección técnica: Kirenia Martínez Acosta.	Do 08 ao 11.05.2025	1.745
<i>ATARDECER NO GAIÁS</i>	Ciclo musical nos meses de xullo e agosto. Actuacións: The Rapants, Eris MacKenzie, Ana Lua Caiano, Calle Mambo, Dirty Suc, Faennas e Al Safir, Lua de Santana, Moncho Gris, La Toñi, Melodiam, Xuventude Crea (Slimak, Sara Gimeno e Lontras), e Futurachicapop e DJ Kike Varela	Do 03.07 ao 21.08.2025	12.280
<i>SERÁN 4.0.</i>	A Cidade da Cultura acolleu o IV Encontro Galego de Cultura Popular – Serán'04, unha gran celebración do baile e a música tradicional galega que reuniu a preto de mil artistas e especialistas no marco do Día Europeo da Música e das Letras Galegas, dedicadas ese ano á poesía popular oral. Durante tres días, o Gaiás encheuse de foliadas, aturuxos e muiñeiras nunha programación diversa e festiva dirixida por Quique Peón. O evento contou con actuacións de grupos recoñecidos como Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, Xosé Lois Romero & Aliboria ou Tres Pesos	Do 20 ao 22.06.2025	8.133
<i>REGA. Clásicas Desfeitas (vol.12). Mala vida e peor morte de Ricardo III</i>	O 22 de febreiro de 2025 tivo lugar a estrea de Mala vida e peor morte do rei Ricardo III.	22 e 23.02.2025	361
<i>REGA. Clásicas Desfeitas (vol.13). Medea-mamá-monstro</i>	Na estrea de Medea–Mamá–Monstro, Laura Porto e Helena Varela convidaron ao público a asumir o papel de investigadores, recompilando pistas e escoitando os testemuños das autoridades de Corinto, así como de veciñas e familiares de Medea.	28.02 e 01.03.2025	45
Letras e Pensamento	Breve descripción	Datas	Asistencia 2025



DÍA DAS LETRAS GALEGAS.	No marco da celebración das Letras Galegas 2025, dedicadas á poesía popular oral e á figura das cantareiras, a Cidade da Cultura organizou unha xornada de actividades centradas na música tradicional galega, a súa transmisión interxeracional e a reflexión crítica sobre os seus contidos	17.05.2025	313
SINTE. FORO INTERNACIONAL DE ARTE E CULTURA DIXITAL	Os días 20 e 21 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela a primeira edición de SINTE, un foro nacido como espazo de pensamento e diálogo arredor da creación dixital contemporánea, dos seus retos e das súas oportunidades, que reuniu no Gaiás algunhas das voces máis recoñecidas do momento neste ámbito. Artistas, estudos, especialistas en xestión cultural e representantes de centros de exhibición especialmente dinámicos e innovadores achegaron a súa visión sobre o presente e o futuro da arte e das industrias creativas nun contexto marcado por profundas transformacións tecnolóxicas, pola crise de consensos das últimas décadas e pola emerxencia dunha nova arte dixitalizada, acompañada de novos coñecementos e interrogantes.	20 e 21.11.2025	508
XV EAN. ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS	O XV Encontro de Artistas Novos (#EAN15) celebrouse do 25 ao 28 de agosto de 2025 na Cidade da Cultura, convertendo unha vez máis o Gaiás nun espazo de convivencia, intercambio e reflexión arredor da creación contemporánea. Coordinado por Rafael Doctor, o encontro reuniu a 40 artistas emerxentes de Galicia e doutros territorios, que presentaron publicamente os seus proxectos e compartiron experiencias con figuras destacadas do ámbito artístico.	25.08 ao 28.08.2025	40
En Familia	Breve descripción	Datas	Asistencia 2025
NADAL NO GAIÁS 25-26. SOÑOS DE ARGONAUTA	A árbores dos desexos, Vivir nas nubes (instalación de Nuria Prieto), contos ao revés, estruturas inchables	Do 02.12.2025 ao 04.01.2026	626
NADAL NO GAIÁS 25-26. TRIPULA, TEATRO DENDE UN GLOBO AEROSTÁTICO	O 28 de decembro ofrecéronse dúas funcións de Tripula, un espectáculo que combinaba poética, humor e imaxinación para trasladar ao público a un espazo fóra do mundo físico a través do globo aerostático	28.12.2025	180
PEQUEFILMES 2025	Festival infantil de curtas 2025, durante tres días, conformado por 70 curtametraxes, así como outras 26 curtas fóra de concurso.	14.02 ao 16.02.2025	2.234
BAILE DO ENTROIDO.	O 3 de marzo de 2025, a Cidade Esmeralda tomou o Museo Centro Gaiás para celebrar un Entroido cheo de fantasía e maxia onde os nenos e nenas puideron calzar os icónicos zapatos vermellos e mergullarse no universo do mago de Oz, atopando personaxes inesquecibles polo camiño. Concerto de Paco Nogueiras	03.03.2025	600
DE CONXUROS E MÚSICA	O 25 de xaneiro, o Espazo REGA 3 do Museo Centro Gaiás acolleu un obradoiro musical baseado no clásico de Julia Donaldson Queda sitio na vasoira? A historia servía como fío condutor dunha experiencia interactiva na que cativada e público adulto participaron activamente nun concerto-obradoiro cheo depocións, meigallos e cancións	25.01.2025	90
DÍA MUNDIAL DO CIRCO	Con motivo da celebración do Día Mundial do Circo, a Cidade da Cultura acolleu "Compañía", un espectáculo de Xampatito Pato, unha proposta escénica que combinaba o teatro de monicreques e as artes circenses nun relato visual e sen palabras.	26.04.2025	208



CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Campamento urbano "A tribo do Re"	Durante o verán de 2025, a Cidade da Cultura acolleu unha edición do campamento urbano A tribo do Re—, unha proposta educativa e lúdica centrada na arte e na natureza, dirixida a nenas e nenos de entre 4 e 14 anos. A actividade, desenvolvida en tres quendas entre xuño e setembro, incluíu obradoiros sobre hortas urbanas, compostaxe, recoñecemento de especies e land-art, así como dinámicas de xogo, xincanas ambientais, baños de bosque e unha acampada nocturna opcional para o grupo maior.	Do 23.06.2025 ao 05.09.2025 (3 quendas)	124
VERÁN NO GAIÁS 2025	Varias actividades para público familiar desenvolvidas no verán. Beatlemania, rock en familia, Unha tarde no lago (dúas sesións)	02, 09 e 15.07.2025	1.400
CIDADE IMAXINARIA	Pensada como unha xornada onde todo é posible, a Cidade da Cultura transfórmase nun lugar cheo de actividades para mentes creativas de todas as idades. Este ano como novidade prolongouse o horario de peche ata as 10 da noite para que todas as persoas puidesen disfrutar das nosas actividades con detemento e sen apuros.	06.09.2025	8.700
DESAFÍO DE CARTÓN	O 28 de xuño, a Praza Central do Gaiás acolleu o Desafío de cartón, unha actividade lúdica e educativa que promovía a creatividade a través do xogo con cartón de refugallo. Proxecto desenvolvido por colectivo Basurama	28.05.2025	130
OBRAIDROS INFANTÍS DA EXPOSIC. TATTOO	Dous obradoiros no mes de abril	12.04.2025	44
NADAL NO GAIÁS 24-25. Yule, un Nadal viquingo	O mundo viquingo serviu de inspiración para a decoración do Nadal 2024-2025 (festa do solsticio de inverno dos pobos nórdicos, chamada Yule).	Do 03.12.2024 ao 07.01.2025	1.153
NADAL NO GAIÁS 24-25. Yule, un Nadal viquingo. Actividades	Programación de obradoiros familiares para celebrar o Nadal	Do 03.12.2024 ao 07.01.2025	702
NADAL NO GAIÁS 24-25. Ai ven o Apalpador	Concerto a cargo da Gramola Gominola	04.01.2025	350
Visitar e divulgar	Breve descripción	Datas	Asistencia 2025
VISITAS REGULARES AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Programa de visitas comentadas, a través de guías especializados	Todo o ano 2025	3.635
VISITAS CONCERTADAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Dirixida a aqueles grupos de persoas interesadas nunha visita guiada	Todo o ano 2025	859
VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Especialmente dirixidas á comunidade educativa, adaptando os contidos aos diferentes niveis escolares.	Todo o ano 2025	10.891
VISTIAS ARQUITECTÓNICAS E AOS ESPAZOS NATURAIS	Descubrir o Gaiás a través de visitas arquitectónicas e aos espazos naturais, incluíndo lugares non accesibles ao público en xeral, como a galería de servizos subterránea.	Todo o ano 2025	3.725
VISITAS ESPECIAL TATTOO. CON LAURA JUAN	Con motivo do Día Internacional da Muller, organizouse unha visita especial á exposición Tattoo. Arte baixo a pel, cun enfoque centrado na historia e no papel das mulleres no mundo da tatuaxe. Tatuadora, Laura Juan	08 e 09.03.2025	20
60 ANOS DE GRAFFITI	No marco do 60 aniversario do graffiti contemporáneo, a Cidade da Cultura organizou unha conferencia con Cornbread (Darryl A. McCray), considerado o primeiro grafitista do mundo.	05.02.2025	76
DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS	Visitas especiais comentadas á exposición	17.05.2025 e 18.05.2025	642



CONCERTOS COMENTADOS E CLAUSURA. RAFAEL ÚBEDA	O concerto comentado celebrado na sala da exposición de Rafael Úbeda propuxo un diálogo entre pintura e música, explorando a visión sinestésica do artista, quen escoitaba cores e vía melodías. A obra Homenaxe a Shostakovich serviu como punto de partida para este encontro interdisciplinar que buscou achegar ao público á dimensión creativa do pintor a través dos sons que o inspiraron. Con motivo da clausura dorganizouse un concerto de música de cámara que serviu tamén para dar a coñecer a estreita relación que unía a Úbeda co compositor Rogelio Groba	14.06.2025 e 06.09.2025	100
O GALIVERSO	Proxectos de tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual co obxecto de amosar o patrimonio natural, material e inmaterial. Así o "Galiverso no corazón de pedra" (do 27.11.2024 ao 03.08.2025), "Galiverso do Nadal 24-25" (Do 03.01.2024 ao 05.01.2025), e o "Galiverso do Nadal 25-26" (Do 02.12.2025 ao 06.01.2026).	Todo o ano 2025	6.336
ANDAINA DE PRIMAVERA	Durante a fin de semana coincidente co inicio da primavera, a Cidade da Cultura organizou unha andaina interpretativa polos espazos naturais do Gaiás para conmemorar o Día Internacional dos Bosques e o Día Mundial da Auga.	30.03.2025	30
HOLI GAIÁS e PEQUE HOLI 2024	A Fundación Cidade da Cultura acolleu o sábado 7 de xuño a sétima edición da Holi Gaiás, unha carreira festiva de 5 km que encheu o Monte Gaiás de música e cores para despedir a primavera cunha gran celebración colectiva. Inspirada no tradicional festival Holi da India, a actividade ofreceu unha proposta lúdica e saudable, pensada para desfrutar en familia ou con amigos nun espazo tan singular como é a Cidade da Cultura	07.06.2025	1.132
OLLADAS CONVERXENTES. GAIAS INSPIRA	Olladas converxentes marcou o inicio de Gaiás_Inspira, un programa de activación cultural arredor das exposicións temporais do Museo Centro Gaiás, concibido para transformar o espazo expositivo nun lugar vivo, participativo e en diálogo permanente coa cidadanía. A través de accións escénicas, musicais, audiovisuais e lúdicas, o programa amplía os contidos das mostras desde unha perspectiva sostible, accesible e inclusiva.	18,19, 25 e 26.10.2025	112
CASTELAO E AS PALABRAS AGACHADAS. GAIAS INSPIRA	No marco da exposición Castelao. Mirar por Galicia, desenvolveuse a actividade Castelao e as palabras agachadas, unha xincana inmersiva en formato escape room dirixida a público mozo e familiar	01, 08, 15 e 29.11.2025 e 27.12.2025	128
FEGATEA NO GAIÁS 2025	A Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) celebrou o seu 25 aniversario cunha xornada festiva na Cidade da Cultura, marcada por un completo programa que incluía preto de vinte actuacións de agrupacións teatrais procedentes de distintos puntos de Galicia	16.07.2025	180
25N. DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA	A Cidade da Cultura promoveu a creación dun mural colaborativo pola igualdade e contra a violencia machista nas paredes do Museo Gaiás, concibido como un espazo de expresión compartida e como ferramenta de denuncia e sensibilización a través da arte. A intervención foi coordinada por 7H Cooperativa Cultural	25.11.2025	15
CULTURGAL 2025	Stand da Cidade da Cultura de Galicia no CULTURGAL. Obradoiro a árbore dos desexos; Castelao, mirar por Galicia; e "Aburrimiento: Arquitecturas para o xogo escénico	Do 28.11 ao 30.11.2025	797

***Nota:** Polo sistema de contabilización de asistencia, os datos parciais de cada actividade non sempre suma ao total. Exemplo: Dentro dos visitantes totais de cada exposición están contabilizadas todas as persoas que as visitaron, pero no apartado de "visitas e accións divulgativas" están desagregados so aquelas persoas que non visitaron a exposición por libre, senón que foron atendidos polo persoal do servizo de atención, mediación e didáctica. Estas



circunstancias pode darse nalguna outra actividade na que os asistentes comparten espazo e actividade e que se contabilizan en dous apartados (asistentes Nadal e asistentes a actividades divulgativas, outro exemplo,...)

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	10	9	14.153	13.320
Persoal con contrato de servizos	5	5	8.000	8.375
Persoal voluntario				

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas	190.000	274.422
Persoas xurídicas		
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación Previstos	Cuantificación Realizado
Incrementar asistentes a actividades culturais	Nº de persoas	190.000	274.422
Consolidar a oferta cultural no Gaia	Nº de eventos e actividades culturais	180	210
Liñas de apoio directo á creación artística	Nº de accións	30	42
Proxectos de investigación cultural	Nº de proxectos	20	34
Alentar a participación con artistas emerxentes	Nº artistas emerxentes	70	80
Gaia como xerador de contidos culturais	Nº iniciativas	13	24
Consolidar as actividades didácticas	Nº actividades	30	78
Potenciar os eventos divulgativos medioambientais	Nº de eventos divulgativos	10	21
Potenciar a divulgación do patrimonio galego	Nº de eventos divulgativos	20	129
Potenciar a internacionalización	Nº de accións	10	29

Fonte. Memoria do Departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia (cuantificación de obxectivos 1 e 2)
Explicacións sobre cuantificación realizada en obxectivos (do 3 ó 10)

03: APOIOS DIRECTOS Á CREACIÓN: 42

Neste apartado indícanse aqueles proxectos onde como resultado concreto houbo unha intervención artística no marco de distintos programa de Acción Cultural: exposicións, apoio á creación, capítulo de música e escena, residencias artísticas ou colaboracións con outras institucións parceiras

- EXPOSICIÓN "ORIXES". OBRA PRODUCIDA AD HOC PARA A MOSTRA
- EXPOSICIÓN "CASTELAO. MIRAR POR GALICIA"
- EXPOSICIÓN "ARQUEOLOXÍA DA FESTA. INSTALACIÓN MULTIMODAL"
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK "PLASTIC BIONTES"
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK "PHYGITAL LAND"
- REGA: (25)
- CLÁSICAS DESFEITAS (2)
 - RESIDENCIA Vol. 12 "MALA VIDA E PIOR MORTE DE RICARDO III"
 - RESIDENCIA Vol. 13 e Vol. 11 "MEDEA-MAMÁ-MONSTRO"
- RESIS en residencia: KARST
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
 - TUERCE de Euyín Eugene
 - BRUTALISMO de Isabel do Diego
- RESIDENCIA LITERARIA (10)
- RESIDENCIAS INCIPIIT. Ana Penyas
- RESIDENCIAS "HORIZONTES ERRANTES | UNHA PEREGRINACIÓN ARTÍSTICA"
- AXUDAS REGA (6)
 - AZULEXERÍA. Loira Pérez
 - DESDE A FONTE DO POBO ATA UN PISO NO TERCEIRO NIVEL. Mar Ramón
 - CIDADE SONORA. Andrés R. Monteavaro
 - CEREBRAL 4.0. Alberto Castaño
 - ABURRIMIENTO, Marta Alonso Tejada
 - DREAM ON, Antuán Rivas
- RESIDENCIA ARTÍSTICA DA BANDA SINFÓNICA GALEGA: CONVERXENCIAS
- RESIDENCIA ARTÍSTICA MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE
- ESCENAS DO CAMBIO (7)
 - INCUBADORA DE PROXECTOS ESCENAS DO CAMBIO: Familia Nijinska



- RESIDENCIA TÉCNICA + ESTREA ABSOLUTA: *Fuga para o tempo presente - O leve poder da lua apenas queima os olhos*, de Nuisis Zobop
- ESTREA ABSOLUTA: *Velaiquich Amooorch*, do Colectivo D'Elas
- ESTREA ABSOLUTA: *Baunsbak*, de Elvi Balboa
- ESTREA ABSOLUTA: *La María, o la espeluznante seducción de una canción de amor*, de Raissa Avilés
- ESTREA ABSOLUTA: *O intanxible e o non mundo*, de Mercedes Peón (video-creación difundida en liña).
- ENCONTRO Encontro Pre-Exposure: Danza Contemporánea de Cuba + Urban Art Ensemble Ruhr.
- SERÁN
 - EXPOSICIÓN DO TRAXE TRADICIONAL O SARILLO, de Yerai Paz Souto
- FIT | FORMACIÓN ESPECÍFICA EN IMPROVISACIÓN TEATRAL
- GAIÁS INSPIRA
 - CASTELAO E SAVELEV: OLLADAS CONVERXENTES | TEATRO NO MUSEO
- NADAL NO GAIÁS (2)
 - YULE, UN NADAL VIQUINGO de David Carballal
 - SOÑOS DE ARGONAUTAS de Nuria Prieto

04: PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN: 34

Considéranse proxectos de investigación aqueles que teñen como obxectivo afondar en temáticas propostas, presentar resultados froito dunha hipótese de traballo que pode ter unha vertente práctica, introdución do I+D+ i no percurso do desenvolvemento do proxecto.

- EXPOSICIÓN ORIXES. UNHA VIAXE VIRTUAL A ONDE TODO COMEZOU
- EXPOSICIÓN ÚBEDA. VISIÓN RETROSPECTIVA
- EXPOSICIÓN BORIS SAVELEV. VIEWFINDER, UNHA FORMA DE MIRAR
- EXPOSICIÓN CASTELAO. MIRAR POR GALICIA
- EXPOSICIÓN FRANCISCO ASOREY. UNHA RECUPERACIÓN NECESARIA
- EXPOSICIÓN ARQUEOLOXÍA DA FESTA. INSTALACIÓN MULTIMODAL
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK "PLASTIC BIONTES"
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK "PHYGITAL LAND"
- REGA: (25)
- CLÁSICAS DESFEITAS (2)
 - RESIDENCIA Vol. 12 "MALA VIDA E PIOR MORTE DE RICARDO III"
 - RESIDENCIA Vol. 13 e Vol. 11 "MEDEA-MAMÁ-MONSTRO"
- RESIS en residencia: KARST
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
 - TUERCE de Euyín Eugene
 - BRUTALISMO de Isabel do Diego
- RESIDENCIA LITERARIA (10)
- RESIDENCIAS INCIPIT. Ana Penyas
- RESIDENCIAS "HORIZONTES ERRANTES | UNHA PEREGRINACIÓN ARTÍSTICA"
- AXUDAS REGA (6)
 - AZULEXERÍA. Loaira Pérez
 - DESDE A FONTE DO POBO ATA UN PISO NO TERCEIRO NIVEL. Mar Ramón
 - CIDADE SONORA. Andrés R. Monteavaro
 - CEREBRAL 4.0, Alberto Castaño
 - ABURRIMENTO, Marta Alonso Tejada
 - DREAM ON, Antuán Rivas
- RESIDENCIA ARTÍSTICA DA BANDA SINFÓNICA GALEGA: CONVERXENCIAS
- RESIDENCIA ARTÍSTICA MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE
- SINTE | FORO INTERNACIONAL DE ARTE E CULTURA DIXITAL

05: PARTICIPACIÓN CON ARTISTAS EMERXENTES: 80

Trátase de contabilizar os artistas emerxentes/novos que participaron directamente en programas promovidos pola Fundación Cidade da Cultura.

- ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS: 40
- CLÁSICAS DESFEITAS (2)
- REGA (20)
- RESIS en residencia
- RESIDENCIA INCIPIT
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
- RESIDENCIA LITERARIA (10)
- AXUDAS REGA (6)
 - AZULEXERÍA. Loaira Pérez
 - DESDE A FONTE DO POBO ATA UN PISO NO TERCEIRO NIVEL. Mar Ramón
 - CIDADE SONORA. Andrés R. Monteavaro
 - CEREBRAL 4.0, Alberto Castaño
 - ABURRIMENTO, Marta Alonso Tejada
 - DREAM ON, Antuán Rivas
- ATARDECER NO GAIÁS (8): Eris MacKenzie, Lua de Santana, Melodiam, Dirty Suc, La Toñi, XUVENTUDE CREA (Slimak + Sara Gimeno + Lontras).
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK "PHYGITAL LAND"
- SERÁN (9)
 - A.C. Soalleira (Dorrón)
 - Cantigas e Agarimos (Santiago de Compostela)
 - Rosalía de Castro (Cacheiras)
 - Agrocovo (Esteiro)



- Rebulir (Ramirás)
- A Marola (Mera)
- Xiradela (Arteixo)
- Peis D'Hos (Cangas)
- Donaire (A Coruña)

06: XERACIÓN DE CONTIDOS: 24

A Cidade da Cultura como entidade que xera contidos para outras institucións ou ben que exposicións, funcións, estreas que foron promovidas tiveron ou están a ter outros contextos para a súa presentación.

- Clásicas desfeitas (2)
- RESIS en residencia
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
- AXUDAS REGA (6)
- GAIÁS INSPIRA (2)
 - CASTELAO E SAVELEV: OLLADAS CONVERXENTES | TEATRO NO MUSEO
 - CASTELAO E AS PALABRAS AGOCHADAS | ESCAPE ROOM NO MUSEO
- SINTE | FORO INTERNACIONAL DE ARTE E CULTURA DIXITAL (11)
 - Conferencia de apertura | Ferdi Alici
 - Conferencia de Bani Brusadin
 - Mesa redonda con: Manuel Meijide, Cora Novoa, Manuel Viqueira, Fátima García Doval e Carlos Seijo.
 - Conversa con Luís Fernandes.
 - Mesa redonda con: Mónica Rikić, Elena Neira e José Luis Romo.
 - Materia | AV Live con Maotik e conversa posterior con Xulio Vázquez.
 - Conferencia de Filippo Aldovini e Matteo Salsi.
 - Mesa redonda con: Miguel Espada, Diego Avendaño, Javier Mujica e Laura Gabriela Martínez, e Pier Concari.
 - Mesa redonda con: Pablo de Soto, Bani Brusadin e Ingrid Guardiola.
 - While going to a condition, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda
 - Intensional Particle, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda

07: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS: 78

Dentro das actividades dirixidas ao público en idade escolar, nomeadamente deséñanse propostas acadas para fornecer no coñecemento, a creatividade, afondar nas temáticas e procurar unha mente crítica. No 2024 tivemos a achega do Plan Corresponsables que fixo posible que se materializara un programa específico de contido didáctico que permitise a conciliación.

- EXPOSICIÓN “ORIXES. UNHA VIAXE VIRTUAL A ONDE TODO COMEZOU”
- EXPOSICIÓN “HISTORIAS LGBTI DA GALICIA ORGULLOSA”
- EXPOSICIÓN “CONTEMOS MULTITUDES. DANO CEREBRAL ADQUIRIDO: ONDE AS COUSAS PERDIDAS VOLVEN ESTAR BEN”
- EXPOSICIÓN “DIÁLOGOS. EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA DE JOSÉ PARDO E JORGE MEIS”
- 60 ANOS DO GRAFFITI. Cornbread, o primeiro grafitero do mundo
- VISITAS ESPECIAIS “OUTRA MIRADA. VISITAS SINGULARES Á ARQUITECTURA DO GAIÁS” (8)
- PEQUEFILMES
- OBRADOIRO FAMILIAR “DE CONXUROS E MÚSICA”
- VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓN (6)
- TATUAXE: ARTE E EMPODERAMENTO FEMINISTA. 8M Día Internacional da Muller 2025.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS (3)
- COA FORZA NO FALAR
- RE-CANTOS | INTERPRETACIÓN COMPARTIDA DE CANTIGAS DE ADOLFINA E ROSA
- O INTANXIBLE E O NON MUNDO | VÍDEO-CREACIÓN DE MERCEDES PEÓN
- CORRESPONSABLES NO GAIÁS: CAMPAMENTO URBANO “A TRIBO DO RE” (3)
- VERAN NO GAIÁS (9)
- DESAFÍO DE CARTÓN
- GALIVERSO DE NADAL, O GALIVERSO NO CORAZÓN DA PEDRA (2)
- CIDADE IMAXINARIA (14)
- OS SEGREDOS DA TINTA. OBRADOIROS INFANTÍS EN «TATTOO. ARTE BAIXO A PEL» (3)
- 25N DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER. Un mural colectivo para a igualdade
- CONCERTOS NA EXPOSICIÓN ÚBEDA. VISIÓN RETROSPECTIVA (2)
- SERÁN'4 (15)
 - Obradoiro: Estampaxe e serigrafía sobre tea
 - Masterclass: “Iniciación á pandeireta para persoas con discapacidade”, María Criado
 - Masterclass: “O repertorio do gaitero Poso”, Iván Costa
 - Masterclass: “O baile na comarca de Muros”, Pedro Brañas
 - Masterclass: “Primeiro achegamento á foliada”, Artur Puga
 - Masterclass: “O pandeiro redondo na comarca do Deza”, María Vidal
 - Masterclass: “A destreza d@s bailador@s”, Serxio Cobos
 - Masterclass: “A pandeireta en Monzo”, Xurxo Fernández
 - Masterclass: “Os baile-xogos da Raia”, Luís Prego
 - Masterclass: “Técnica vocal para o canto tradicional”, Ana Edreira
 - Masterclass: “A Carballesa”, Montse Rivera
 - Masterclass: “Iniciación ao bordado”, Álex Regueiro
 - Masterclass: “O baile no Courel”, Miguel Sotelo
 - Masterclass: “Arredor da pandeira”, Felisa Segade
 - Masterclass: “O baile solto da Terra Cha”, Olga Kirk



08: DIVULGACIÓN MEDIOAMBIENTAL: 21

Este indicador sinala aquelas actividades vencelladas directamente coa contorna natural do Gaiás e a súa divulgación e aquelas outras onde a pegada ambiental e a difusión conservacionista está ben patente.

- EXPOSICIÓN “ORIXES. UNHA VIAXE VIRTUAL ONDE TODO COMEZOU”
- VISITAS AOS ESPAZOS NATURAIS DO GAIÁS (3)
- DESAFÍOS DE CARTÓN
- ANDAINA DE PRIMAVERA
- UNHA TARDE NO LAGO (9)
- INSTALACIÓN NAS TORRES HEJDUK “PLASTIC BIONTES”
- ECO-CAMPAMENTO URBANO A TRIBO DO RE (3)
- RESIDENCIA “HORIZONTES ERRANTES. UNHA PEREGRINACIÓN ARTÍSTICA”
- NADAL NO GAIÁS “SOÑOS DE ARGONAUTAS”

09: DIVULGACIÓN PATRIMONIO GALEGO: 129

Trátase dunha das vías estratéxica de acción da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Neste indicador inclúense aqueles proxectos cunha fonda pegada de coñecemento de difusión do patrimonio cultural galego no seu amplo sentido e nomeadamente do patrimonio artístico e histórico.

- EXPOSICIÓN “‘ÚBEDA. VISIÓN RETROSPECTIVA”
- EXPOSICIÓN “BORIS SAVELEV. VIEWFINDER, UNHA FORMA DE MIRAR”
- EXPOSICIÓN “CASTELAO. MIRAR POR GALICIA”
- EXPOSICIÓN “FRANCISCO ASOREY. UNHA RECUPERACIÓN NECESARIA”
- EXPOSICIÓN “ARQUEOLOXÍA DA FESTA. INSTALACIÓN MULTIMODAL”
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS. AS CANTAREIRAS (3)
- VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS (4)
- GALIVERSO (2)
- VII FESTIVAL DE BANDAS INFANTÍS E XUVENÍS DE GALICIA (12)
- REGA 2025. HORIZONTES ERRANTES | UNHA PEREGRINACIÓN ARTÍSTICA
- AXUDAS REGA (3)
- REGA 2025 | MOFA E BEFA. OS DOUS DE SEMPRE
- BAILE DE ENTROIDO, con Paco Nogueiras
- DÍA MUNDIAL DO CIRCO, con Xampatito Pato
- ESCENAS DO CAMBIO (5)
- UNHA TARDE NO LAGO (9)
- CIDADE IMAXINARIA (7)
- 25N DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER. UN MURAL COLECTIVO PARA A IGUALDADE
- ATARDECER NO GAIÁS (11)
- SERÁN'04 (62)
 - Feira
 - Exposición do traxe tradicional O Sarillo, de Yera Paz Souto
 - Obradoiro: Estampaxe e serigrafía sobre tea
 - Masterclass: “Iniciación á pandeireta para persoas con discapacidade”, María Criado
 - Masterclass: “O repertorio do gaitero Poso”, Iván Costa
 - Foliadiña infantil (12)
 - Masterclass: “O baile na comarca de Muros”, Pedro Brañas
 - Masterclass: “Primeiro achegamento á foliada”, Artur Puga
 - Festival Folk (5)
 - Masterclass: “O pandeiro redondo na comarca do Deza”, María Vidal
 - Masterclass: “A destreza d@s bailador@s”, Serxio Cobos
 - Masterclass: “A pandeireta en Monzo”, Xurxo Fernández
 - Masterclass: “Os baile-xogos da Raia”, Luís Prego
 - Masterclass: “Técnica vocal para o canto tradicional”, Ana Edreira
 - Masterclass: “A Carballesa”, Montse Rivera
 - Masterclass: “Iniciación ao bordado”, Álex Regueiro
 - Masterclass: “O baile no Courel”, Miguel Sotelo
 - Foliadón (16)
 - Masterclass: “Arredor da pandeira”, Felisa Segade
 - Masterclass: “O baile solto da Terra Cha”, Olga Kirk
 - Certame Coros Enxebres | Museo Centro Gaiás (4)
 - Masterclass: “As Tarrañolas”, Xosé Lois Romero
 - Festival Folclórico (8)
- NADAL NO GAIÁS

10: INTERNACIONALIZACIÓN: 29

Epígrafe vencellado ao Plan Estratéxico que procura a inclusión no programa cultural de iniciativas internacionais desde a colaboración con museos, artistas ou outro tipo de actividades.

- RESIDENCIAS PARAÍSO
- REGA 2025. HORIZONTES ERRANTES | UNHA PEREGRINACIÓN ARTÍSTICA
- ESCENAS DO CAMBIO (7)
- ATARDECER NO GAIÁS (3): ANA LÚA CAIANO (PORTUGAL), CALLE MAMBO (CHILE), MOCHO GRIS (PORTUGAL)
- PEQUEFILMES (4). FESTIVAIS CLERMONT-FERRAND (FRANCIA) E MIYU DISTRIBUTION (FRANCIA), *SWING TO THE MOON*, de Solenne Moreau, *Elisa Drique*, *Marie Bordessoule*, *Vincent Levrero*, *Nadine De Boer*, *Chloé Lauzu* e *Adriana Bouissie* (Francia) e *Capybaras* (Os carpinchos), de Alfredo Soderguit (Uruguai).
- CIDADE IMAXINARIA (3)



- Time to loop, de Dúo Kaos (Italia-Guatemala)
 - Biscornu, de Picto Facto (Francia)
 - Freed From Desire, de Supertronik Bootleg (Portugal)
- 60 ANOS DO GRAFFITI. CORNBREAD, O PRIMEIRO GRAFITEIRO DO MUNDO
- SINTE. FORO INTERNACIONAL DE ARTE E CULTURA DIXITAL (9)
 - Conferencia de apertura | Ferdi Alici (Turquía)
 - Hipervisible e invisible. Produción cultural e imaxinarios tecnolóxicos nun momento de transición | Conferencia de Bani Brusadin (Italia)
 - Desbordar o espazo. Que pode ser un espazo cultural hoxe? | Conversa con Luís Fernandes (Portugal).
 - Materia | AV Live con Maotik (Francia).
 - Onirica () | Conferencia de Filippo Aldovini e Matteo Salsi (Italia).
 - A creatividade na era da emoción mediada | Mesa redonda con: Miguel Espada, Diego Avendaño, Javier Mujica e Laura Gabriela Martínez, e Pier Concari (Italia).
 - Futuro presente [3 miradas] | Mesa redonda con: Pablo de Soto, Bani Brusadin (Italia) e Ingrid Guardiola.
 - While going to a condition, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda (Xapón)
 - Intensional Particle, espectáculo de danza de Hiroaki Umeda (Xapón)

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade	EXPLOTACIÓN E RENDIBILIDADE ECONÓMICA DOS ESPAZOS CONSTRUIDOS
Tipo de actividade*	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

Atinxe toda actividade da Fundación destinada á cesión/alugueiro dos espazos procedentes do seu patrimonio, co obxectivo de cumprir as finalidades sinaladas nos seus estatutos:

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación pode realiza-las seguintes actividades:

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."

Abrangue igualmente as autorizacións temporais de espazos (por días), xestionadas dende o departamento de eventos da Fundación, ao marxe dos contratos e convenios que se formalizan con aqueles residentes que teñen máis vocación de permanencia.

Por outra banda, coa finalidade de facer realidade o principio de autoprovisión e de optimización do gasto no eido autonómico, no catálogo de servizos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia figura a de prover de espazos ás distintas entidades do sector público autonómico mediante as oportunas autorizacións.

DEPARTAMENTO DE EVENTOS.

EVENTOS EXTERNOS. RECONTOS ANUAIS 2025

EVENTOS TOTAIS_2025				
Nº EVENTOS		Nº ASISTENTES		INGRESOS
641		44.346		156.243,00 €
ANO	EVENTOS	ASISTENTES	ON LINE	INGRESOS
2011	147	9.614	-	34.037,10€
2012	188	15.738	-	42.274,90€
2013	165	13.291	-	23.550,00€
2014	320	35.039	-	34.750,00€
2015	355	32.996	-	18.325,00€
2016	400	40.652	-	48.908,47€
2017	387	40.798	-	41.579,00€
2018	416	71.282	-	55.079,39€
2019	418	63.074	-	89.119,00€
2020	286	10.361	20.940	14.600,00€



2021	380	17.361	6.379	51.60,00€
2022	384	36.320	-	99.575,00€
2023	722	62.700	-	198.072,90€
2024	689	71.724	-	101.982,20 €
2025	641	44.346	-	156.243,00 €
TOTAL	5.898	565.296	27.319	963.695,96€

EVENTOS SEGÚN TIPO DE ENTIDADE SOLICITANTE

Tarifa 1 "xeral" Aplicable a aquelas entidades do sector privado con ánimo de lucro

Tarifa 2 "reducida" Aplicable a aquelas entidades do sector público e corporacións públicas de base privada (Colexios Profesionais, Cámara de Comercio, Confradías) que non se atopen dentro das tarifas 3 e 4, así como resto de asociacións e entidades sen ánimo de lucro e aquelas autorizadas pola Fundación Cidade da Cultura para a utilización de espazos no Centro de Emprendemento.

Tarifa 3 "conveniente" Aplicable a aquelas entidades que, en virtude de convenios de natureza patrimonial ou de colaboración asinados coa Fundación, dispoñen de locais e instalacións (ao marxe deste procedemento) nos termos e condicións económicas pactadas.

Tarifa 4 "exenta" Aplicable a aquelas entidades solicitantes que reúnan as seguintes características:

- 1) Ter asinados, no ano da solicitude, acordos de colaboración económica ou de patrocinio coa Fundación para o exercicio de actividades culturais propias desta
- 2) Pertencer á estrutura orgánica da Consellería con competencias en materia de cultura.
- 3) Entidades integrantes do Fondo Gaiás da Empresa Galega.

EVENTOS ORGANIZADOS POLA XUNTA DE GALICIA:

SOLICITANTES TIPO 2 E 4.

EVENTOS_ XUNTA 2025		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
357	52.510	56.628 €

Dentro dos eventos da Xunta de Galicia, a CONSELLERÍA DE CULTURA LINGUA E XUVENTUDE contabiliza o seguinte:

EVENTOS_ CONSELLERÍA CULTURA, LÍNGUA E XUVENTUDE 2025		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
186	9.208	0.00 €

EVENTOS ORGANIZADOS POR ENTIDADES EXTERNAS:

SOLICITANTES 1 E 2.

EVENTOS_ ENTIDADES EXTERNAS 2025		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
179	44.055	108.691,50 €

SOLICITANTES 3

EVENTOS_ ENTIDADES 2025		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
83	16.407	0,00 €

CESIÓNES PERMANENTES (EXCLUIDOS PROXECTOS E INICIATIVAS DO CENTRO DE EMPRENDIMENTO)

A 31.12.2025 o número de entidades cesionarias de espazos (non temporais) que figuran como residentes permanentes dentro das instalacións da Cidade da Cultura de Galicia (descontando as iniciativas emprendedoras do Centro de Emprendemento de Galicia, que figurarán noutro punto da liquidación do plan de actuación), ascenden a un total de 9 empresas con proxectos tecnolóxicos vencellados a obxectivos operativos AMTEGA, 1 empresa concesionaria dos servizos de restauración, 4 entidades culturais (Consello Cultura Galega, Real Academia Galega, Academia Xacobeá, Pen Club), 5 entidades residentes no Edificio Fontán (CISUG, ACSUG, INCIPIT-CSIC, CIEDIX e CISPAC-PROXECTO NÓS), e 5 pertencentes á Xunta de Galicia (AMTEGA, AGADIC, S.X.Biblioteca e S.X. Arquivo E D.X. Patrimonio Cultural (parcial)).



B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	2	2	3.330	3.330
Persoal con contrato de servizos	6	6	11.295	10.050
Persoal voluntario				

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas		
Persoas xurídicas	500	641
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación Previstos	Cuantificación Realizado
Eventos alleos á Acción Cultural**	Nº de eventos	500	641

*Fonte. Solicitudes de autorización de espazos realizadas no ano 2025 e facilitadas segundo a base de datos do departamento de Visitas-Eventos.

ACTIVIDADE 3

A) Identificación.

Denominación da actividade	EMPRENDEMENTO EMPRESARIAL NO EIDO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, CREATIVAS E DE BASE TECNOLÓXICA
Tipo de actividade	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores	I01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

PROMOVENDO O EMPRENDEMENTO INNOVADOR

Xunto coa cultura e a innovación tecnolóxica, o apoio ao emprendemento constitúe un dos eixos estruturais da Cidade da Cultura de Galicia desde a súa posta en marcha. Esta aposta consolidou o complexo do Gaiás como un espazo de referencia para o impulso de proxectos innovadores vinculados á cultura, ás industrias creativas e ao ámbito tecnolóxico, contribuíndo á dinamización do ecosistema emprendedor galego.

Neste contexto creouse en 2012 o Centro de Emprendemento Creativo (CEM), co obxectivo de ofrecer un espazo de acompañamento e desenvolvemento para iniciativas empresariais vinculadas á cultura e á innovación.

No marco do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2022–2027, o CEM continúa a súa evolución cara a un modelo que reforza e amplía os servizos prestados, superando a concepción exclusivamente espacial para consolidarse como un instrumento integral de apoio ao emprendemento. Así, durante 2025 afianzouse unha liña de traballo centrada na xeración de valor engadido a través do asesoramento, a creación de redes, a formación especializada e a conexión co tecido institucional e empresarial.

O CEM mantense, deste xeito, ao servizo das persoas emprendedoras, ofrecéndolles non só un espazo físico de traballo, senón tamén acompañamento estratéxico na definición e consolidación dos seus proxectos, co obxectivo de contribuír á creación de empresas culturais e creativas dinámicas, competitivas e innovadoras.

Descrición das actividades desenvoltas no ano 2025:

CONVENIOS



Co obxectivo de fortalecer o apoio, a formación e o acompañamento ao tecido emprendedor cultural e creativo, o Centro de Emprendemento do Gaiás (CEM) desenvolve unha estratexia activa de colaboración con entidades públicas e privadas que contribúen á consolidación dun ecosistema empresarial sólido, conectado e innovador.

Esta filosofía de cooperación institucional permite ampliar os recursos e oportunidades ao dispor das persoas e proxectos vinculados ao CEM, favorecendo a creación de sinerxías, o intercambio de coñecemento e a apertura a novos ámbitos de desenvolvemento profesional.

Neste marco, o CEM mantén convenios e acordos de colaboración con entidades de referencia nos ámbitos cultural, tecnolóxico e empresarial, entre as que destacan:

